

ACTUALIZACIÓN DO VALOR DOS CUSTOS INDIRECTOS A APLICAR NAS ACTIVIDADES DE I+D+i REALIZADAS AO ABEIRO DO ARTIGO 83 DA LOU

1. NORMATIVA APLICABLE

O artigo 83 da *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades* (BOE do 24/12/2001, modificada pola *Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril* (BOE do 13/04/2007) permite a contratación de traballos de carácter científico, técnico ou artístico por parte dos profesores universitarios, con terceiras partes.

A partir da LOU, os novos Estatutos da USC, aprobados polo *Decreto 28/2004 do 22 de xaneiro* da Xunta de Galicia (DOG do 9/02/2004) recoñecen no seu art. 145 a posibilidade de realizar este tipo de actividades por parte do profesorado da mesma. Para tal fin, o Consello de Goberno do 20/06/2005 aprobou o *Regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades* (modificado posteriormente nos seus artigos 11 e 12 polo Consello de Goberno do 8/11/2005), no que se se establecen as condicións para a autorización e celebración dos contratos así como o destino dos bens e recursos obtidos a través dos mesmos.

No referido *Regulamento*, o seu *Artigo 9. Dos ingresos e gastos*, indica como se fará a previsión de gastos considerando por unha banda os chamados custos directos (aqueles necesarios para a correcta execución do traballo, e calculados a partir da previsión de gastos de funcionamento e de persoal) e por outra os chamados custos indirectos (no que se inclúen os gastos xerais asociados ao uso de infraestrutura de uso xeral, comunicacións, xestión, servizos de apoio, etc).

De acordo co referido *Regulamento*, os *custos indirectos* se imputarán como un gasto fixo definido en función da actividade e do centro onde se realiza a mesma. Para a súa determinación, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación propondrá, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, os criterios de estimación que deberán ser considerados na elaboración do orzamento correspondente a cada actividade, así como a distribución do mesmo entre o grupo titular da actividade, o Departamento ou Instituto ao que se adscriba e a propia Universidade.

2. CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O CÁLCULO DOS CUSTOS INDIRECTOS

Como se indica no Informe sobre Criterios na elaboración de presupostos en actividades de I+D+i na USC (presentado pola Vicerreitoría de Investigación e Innovación no Consello de Dirección do 8 de abril de 2008), o custo indirecto en investigación comprende todos aqueles custos reais asociados á I+D pero que non son específicos dun determinado proxecto, e xa que logo, non están individualmente cargados ao mesmo.

Dada a diversidade investigadora da universidade, con áreas experimentais (con laboratorios e instalacións especiais) e áreas cuxa investigación non require apenas instalacións moi específicas, os custos indirectos deberían calcularse a nivel de unidade de investigación, considerada ésta ben como Instituto/Centro de investigación/Grupo de investigación ou Departamento.

A utilización dun sistema de contabilidade analítica de custos podería permitir o cálculo dos custos asociados a unha actividade determinada nun centro (ou unidade de investigación) concreto. En xeral, o valor dos custos indirectos da I+D ten unha compoñente que deriva dos servizos centrais da universidade e dos gastos comúns pagados de xeito centralizado e outra compoñente que sería específica da Unidade de investigación, que por norma xeral dispón e executa orzamento para os devanditos custos. Por outra banda, unha análise máis detallada permitiría determinar o valor dos custos indirectos por dedicación horaria do persoal que realiza actividades de investigación. Estes valores poderían ser aplicados correctamente na presupostación das actividades de investigación asignando un valor máis real dos custos indirectos en función da dedicación do PDI que participa no desenvolvemento das mesmas.

Non entanto, considerando a actual estruturación dos orzamentos da USC, e a falta dunha contabilidade analítica de custos, o máis axeitado consiste na utilización dunha porcentaxe aplicada sobre o valor dos custos directos asociados ao desenvolvemento dun traballo de investigación determinado.

Coma exemplos podemos citar os valores aceptados para os proxectos presentados nos programas financiados por entidades públicas no marco de plans de investigación específicos: o Plan Galego de IDIT (InCiTe), o Plan Nacional de I+D+I (PN) ou mesmo o Programa Marco de I+D da UE (PM) con valores de custos indirectos elexibles (ou subvencionables) que oscilan entre o 15% e o 60% (ver Anexo 1). Non en tanto, hai que salientar que os sistemas de custos a aplicar en cada caso son diferentes de xeito que os dous primeiros financian únicamente os custos marxinais asociados ao desenvolvemento dun proxecto determinado mentres que o PM financia unha porcentaxe (actualmente do 75%) dos custos totais do proxecto.

En todos estes casos podemos falar dun cofinanciamento das actividades de investigación por parte da entidade executora das mesmas toda vez que en ningún caso se financian ao 100% os custos totais dunha actividade.

3. OS CUSTOS INDIRECTOS EN ACTIVIDADES BAIXO CONTRATO NA USC

Tras a aprobación da LRU e como aplicación do artigo 11, os profesores da USC podían desenvolver traballos de carácter científico, técnico ou artístico con terceiros. Estas actividades quedaron regulamentadas mediante unha normativa aprobada pola Xunta de Goberno da USC do 3 de abril de 1990, denominada *Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico e desenvolvemento de cursos de especialización*. No mesmo estableceuse unha porcentaxe de custos indirectos igual ao 10% do total do presuposto calculado que equivale a un 11,11% dos custos directos.

Coa aprobación da LOU e para a aplicación do seu artigo 83, a USC desenvolveu no ano 2005 unha nova normativa: o anteriormente citado *Regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades* no que se establece que os custos indirectos a aplicar na USC poderán variar anualmente e necesitarán ser aprobados polo Consello de Goberno da USC. Desde ese momento ate a actualidade non houbo modificación algunha do valor aplicado para os custos indirecto, que se mantiveron no mesmo valor.

Unha comparativa dos custos indirectos asociados ás actividades de investigación realizadas con recursos externos para o período 2003-2006 indica que naqueles proxectos desenvolvidos no eido dos grandes programas de financiamento público en réxime competitivo, os custos indirectos oscilan entre o 15% e o 21% dos custos directos fronte ao 11% para o caso das actividades realizadas baixo contrato.

Por outra banda, estimacións sobre o valor real dos custos indirectos nas actividades de investigación indican que en xeral son moi superiores ao 30% dos custos directos. En liña con estes datos, o actual PN para o período 2008-2011 establece un límite máximo do 25% dos custos directos como valor dos custos indirectos a aplicar nas actividades de investigación presentadas nas convocatorias competitivas dos seus distintos programas ou o 60% que permite o 7PM da UE para as Universidades e Organismos Públicos de Investigación.

4. PROPOSTA DO VALOR A APLICAR COMO CUSTOS INDIRECTOS NAS ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN BAIXO CONTRATO

Tendo en conta as anteriores apreciacións e considerando as diferencias asociadas ao desenvolvemento das actividades de investigación segundo á area, xa sexa experimental ou non, propóñese aplicar, para aquelas actividades de investigación baixo contrato, **no concepto de custos indirectos un valor fixo estimado coma unha porcentaxe do total dos custos directos da actividade.**

O valor diferirá dependendo dos requerimentos en canto a instalacións e infraestruturas da actividade de I+D+I que se desenvolva, así:

- **20%** para as actividades de investigación desenvolvidas en áreas experimentais que **requiren a utilización de laboratorios e instalacións específicas** para a súa correcta realización.
- **15%** para as actividades desenvolvidas nas restantes áreas de investigación

Estos valores se aplicaran sobre a suma dos custos directos asociados á actividade e calculados segundo o especificado no informe sobre *Criterios na elaboración de presupostos en actividades de I+D+I na USC* (presentados no Consello de Dirección do 8 de abril de 2008) que inclúen diferentes elementos de custo válidos (custos de persoal -*propio e contratado*-, material funxible, viaxes e dietas, servizos externos e servizos xerais, outros gastos específicos e custos de amortización dos equipos e/ou custos de pequeno equipamento ou licenzas de *software* específico).